# A Fiscalía emite un informe favorábel sobre o recurso dos sindicatos acerca das horas extras na Seguridade

Un escrito da Fiscalía do Tribunal Supremo conclúe que debe considerarse parcialmente procedente o recurso dos sindicatos contra unha sentenza da Audiencia nacional sobre as horas extraordinarias no sector da Seguridade privada. O Alto Tribunal español resolverá o litixio o 3 de novembro.
30/10/09.
A sentenza da Audiencia Nacional déralle a razón á patronal APROSER no tocante ao valor das horas extraordinarias: "O valor da hora ordinaria de traballo para calcular o de cada hora extraordinaria está composto polo salario base, complementos persoais, de vencemento superior ao mes, o de residencia en Ceuta e Melilla no seu caso, aos que deberá engadirse o complemento de posto de traballo que efectivamente se dea".

As centrais sindicais, pola contra, consideran que o complemento de posto de traballo debe percibirse sempre. Sobre este último punto, a Fiscalía entende que se os complementos de posto de traballo só se aboasen cando se desen as circunstancias que concretamente condicionasen o seu devengo, "o traballador tería moitas dificultades para acreditar a concorrencia, quedando en mans da empresa –parte interesada- a súa determinación".

CIG-Servizos, CC.OO, UGT e outras centrais presentaron un recurso de casación contra esta sentenza da Audiencia Nacional perante o Tribunal Supremo, cuxa Sala do Social se reunirá o 3 de novembro para a votación e fallo do mesmo.

| Adxunto | Tamaño |
| --- | --- |
| informe_fiscalia_horas_extras.pdf [1] | 4.16 MB |

**Novas relacionadas:** Anulado parcialmente o artigo 149.5 do Regulamento de Seguridade Privada [2]

**Ligazóns:**
[1] http://cigservizos.org/sites/default/files/nova/2009/10/informe_fiscalia_horas_extras_pdf_20309.pdf
[2]
http://cigservizos.org/nova/2009.01.19/anulado-parcialmente-o-artigo-1495-do-regulamento-de-seguridade-privada